



EN GALEGO POLA REDE

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

C.E.I.P. QUINTELA (MOAÑA). OUTUBRO 2009

PROXECTO INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA C.E.I.P. QUINTELA (MOAÑA).

EN GALEGO POLA REDE

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Moaña perde falantes en galego entre as novas xeracións, a unha velocidade que o mapa sociolingüístico do 2004 recolle claramente para este tipo de poboacións.

O noso centro reflicte esta situación cunha poboación escolar maioritariamente castelanófono. No pobo, o galego sobrevive ligado aos centros de ensino, á administración local e aos sectores tradicionais tanto culturais como produtivos.

No centro, un profesorado moi estable, comparte obxectivos cara a dinamización e normalización lingüística, pero atópase con que o galego cada vez está máis lonxe dos rapaces. A súa lingua non é o galego e a forte castelanización do seu grupo de relación lévalles incluso a traducir a toponimia máis antiga do Concello.

Neste marco, resulta difícil poder alcanzar os obxectivos relativos á expresión oral en galego. É preciso mudar perspectivas, remexer sentimentos fomentar a reflexión sobre a cuestión lingüística.

Debemos apoiarnos nunha forte motivación e no reforzo da dimensión comunicativa en contextos vivos e afíns aos rapaces e rapazas.

Compre o deseño de estratexias que liguen á mocidade e a infancia co idioma propio. Conciencialos de que é válido para desenvolverse no mundo actual, e axudalos a valorar as potencialidades de ter o galego como lingua propia.

Estas estratexias pasan no noso proxecto pola **EMOCIÓN**, servindo como canle as novas tecnoloxías da información e a comunicación, que aportarán motivación, modernidade e previsións de futuro aos cativos e cativas.

Constitúen un potente atractivo para rapaces, familias e profesorado, e tamén un apoio fundamental para acadar as competencias básicas, sobre todo as lingüísticas.

Unha nova forma de aprender na que o galego formará o tecido comunicativo. Tentaremos demostrar que ese mundo que tanto lles atrae pode estar en galego.

1. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

O C.E.I.P. Quintela é un centro de 9 unidades situado no concello de Moaña, na costa da provincia de Pontevedra.

O alumnado que acude ao noso centro, procede tanto das vivendas familiares da contorna (nunha dispersión que non acada os 2KM), como do núcleo urbano próximo.

Non contamos con alumnado procedente do estranxeiro.

A nosa poboación escolar ten case na totalidade como lingua inicial o castelán.

Tan só un 10% das familias afirman ensinalle a falar aos seus fillos en galego, mentres que un 58,57% afirman facelo en castelán e un 30% nas dúas linguas.

Estas mesmas familias, inclínanse polo castelán tamén cando se comunican fóra do fogar. Só un 14% elixe a opción do galego, mentres que nun 35% predomina o castelán e un 23% só o fai neste idioma.

A tendencia que amosan as derradeiras enquisas camiña cara ao aumento das familias monolingües en castelán e un estancamento das monolingües en galego, mentres que as familias que utilizan as dúas decrece nun 50% (desde un 72% a un 33%).

Estes datos sintonizan cos aportados polo MSG 2004 para as poboacións de 10001 a 20000 habitantes, apoiando as dificultades que observamos nas aulas cando salientan que este tipo de poboación son nas que se obteñen valores máis baixos na destreza oral.

Referíndonos ao profesorado, o proxecto lingüístico aprobado polo Claustro e Consello Escolar recolle entre outras medidas a determinación da lingua galega como lingua vehicular e de ensino.

A sinalización, documentación e comunicacións están galeguizadas e podemos dicir que unha ampla maioría utiliza só galego, mentres que arredor dun 20% o fai de xeito predominante e nun 6%, predomina o castelán.

O persoal non docente tamén utiliza en exclusividade o galego, mentres que na ANPA predomina claramente o castelán.

Na contorna, a administración local comunícase a través do galego, así como as súas institucións dependentes (Casa Xuventude, Ludoteca, Biblioteca municipal, Escola de Música), e nas asociacións culturais e deportivas predomina tamén o galego.

2.a.OBXECTIVOS A CURTO PLAZO

O noso obxectivo máis claro é conseguir que o alumnado rompa a barreira que lle impide utilizar o galego para comunicarse, e tamén:

- Desenvolver unha actitude positiva no alumnado de cara ao galego.
- Identificar o galego como unha lingua moderna plenamente axeitada para o manexo das novas tecnoloxías.
- Relacionar o galego con diferentes manifestacións culturais (música, pintura, teatro).
- Establecer no alumnado lazos afectivos de cara ao galego.
- Descubrir as posibilidades das novas tecnoloxías como potente fonte de información.
- Mellorar as competencias lingüísticas, sobre todo a nivel oral.

2.b.OBXECTIVOS A LONGO PLAZO

- Vencer os prexuízos da comunidade escolar, cara o uso do galego como lingua de comunicación.
- Consegir unha valoración positiva cara a comunicación en galego.
- Sensibilizar ás familias das ventaxas do ensino en galego.
- Coñecer e poñer en valor os recursos do Concello.
- Relacionarse coas novas tecnoloxías tamén en galego.
-

3.DESENVOLVEMENTO DA PROPOSTA METODOLÓXICA

A nosa proposta basease no uso das novas tecnoloxías (PC, cámara dixital, internet, encerado dixital, cámara web..) como fonte de información e de comunicación con outros grupos sociais,elixidos pola súa condición de galegofalantes.

A interdisciplinaridade queda garantida ao integrarse as tecnoloxías no desenvolvemento do currículo e servir como ferramenta de aprendizaxe,sobre todos nas áreas de :

- Lingua
- Coñecemento do medio
- Matemáticas
- Plástica
- Música.

Facilitar modelos de uso e posibilitar escenas nas que a comunicación se desenvolva en galego, sobre todo en relacións de igual a igual.

Organizaremos a relación con outros grupos de rapaces e rapazas que vivindo nun entorno similar ao do noso centro, a súa lingua sexa o galego.

En cada ciclo desenvolveranse actividades adaptadas aos distintos niveis, seguindo todas estas liñas de actuación:

- contacto con outros rapaces
- coñecemento do propio concello
- a busca de información na rede
- o fomento da expresión oral

Para organizarnos, deseñaremos un plan de traballo que se coordinará desde as reunións do equipo de normalización formado por:

- un titor ou titora de cada ciclos
- a xefa de estudos
- os coordinadores TIC e da biblioteca. Estes dous últimos colaboraran activamente coordinándoas accións que se propoñan en cadansúa área (software, equipamentos, programas, bibliografía, posibilidades da biblioteca para o proxecto..).

Os acordos tomados e as accións propostas serán levadas as reunións de ciclo onde se temporizarán e desenvolverán.

BLOQUES DE ACTIVIDADES

3.1.A PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS

A produción de películas en formato Movie Maker ou Power Director constitúen unha potente ferramenta de apoio á expresión oral ao traballar sobre gravacións de voces.

A entoación, a vocalización, o volume, o ritmo..son algúns dos contidos que se desenvolven nestas producións.

Os fins que podemos perseguir con este tipo de actividades, van desde recompilacións de materiais para unha investigación, a actividades de animación á lectura ou a presentación de traballos elaborados.

Preséntanse como un novo xeito de expoñer traballos, que contribuirá a competencia dixital e de aprender a aprender do noso alumnado.

Utilizaremos este tipo de presentacións cando xuntemos a información sobre un tema e queiramos expoñela ao grupo ou publicala na web. Algunhas das producidas ata o momento atópanse en [audioblio](#), así como no [canal youtube](#) do colexio.

3.2 OS BLOGS

Utilizaremos os blogs do colexio como ferramenta de aprendizaxe, para expoñer traballos, colgar enlaces a materiais educativos e establecer contactos con outros rapaces ou rapazas doutros centros de ensino a través do correo electrónico. Axudan a adquirir competencia dixital e lingüística, fan partícipes ao resto da comunidade escolar das nosas aprendizaxes, e establecen canles de comunicación coas familias; así podemos resumir os importantes valores desta ferramenta didáctica.

http://dinamizanormaliza.blogspot.com/	(a web do equipo de Normalización)
http://colexioquintela.blogspot.com/	(a web do colexio de Quintela)
http://audiobiblio.blogspot.com/	(a web das montaxes audiovisuais)
http://bibliotecadocole.blogspot.com/	(a web da biblioteca)
http://cursodesexto.blogspot.com/	(a web do terceiro ciclo)
http://segundocicloenquintela.blogspot.com/	(a web do segundo ciclo)
http://primeirocicloquintela.blogspot.com	(a web do primeiro ciclo)
http://infantilquintela.blogspot.com/	(a web de Infantil)
http://poemasparapeques.blogspot.com/	(a nosa recompilación de poemas de autor para os máis pequenos).

3.2 AQUÍ VIVIMOS

Como proxecto a longo prazo, recolleremos información sobre o Concello de Moaña e publicarámosa en : <http://anosavila.blogspot.com/> .

Trátase do estudo do entorno máis próximo través da área curricular de Coñecemento do medio(a administración local,a industria,a historia natural,a xeografía, os feitos históricos,os persoeiros....).

Para este curso temos programada :

- o a visita da asociación cultural [Meiramar](#) .
- o a colaboración coa Escola-obradoiro de Música tradicional do Concello. A primeira destas entidades desenvolve unha importante labor de recuperación e difusión da cultura a través da danza e a música tradicional . Conta cun atraente grupo xuvenil.
- o Club de remo Samertolameu de Meira (presentación no colexio).
- o Club de Balonmán de Moaña (presentación no colexio).

Interésanos tamén traballar a toponimia do entorno máis próximo ao colexio e dos barrios máis coñecidos de Moaña. Apreciamos nos últimos tempos a tradución xeneralizada entre os castelán falantes de termos como “Xunqueira”(a praia máis coñecida do pobo), “Ameixoadá”, “Xeira”...



A Técnica en Normalización L. do Concello facilitará a información recollida por esta institución para a actualización da planimetría e un resumo estatístico da tipoloxía dos termos. Traballaremos sobre estes datos e contaremos tamén coa importante sección que sobre o concello recompila a Biblioteca Municipal, situada nas proximidades da escola . Neste caso invitaríamos ás familias a participar en charlas sobre o tema e comunicariámoslle os resultados das pescudas mediante unha publicación (díptico) para que cheguen a todas elas.

3.3 COLABORANDO COA GALIPEDIA

Este é outro proxecto a longo prazo. A páxina da Galipedia sobre Moaña, no apartado **PERSOEIROS ILUSTRES** amosa unha información moi deficitaria. Por esta razón propuxémosnos completala, traballando así nas enciclopedias colaborativas.

O Ceip Quintela figura como entidade colaboradora, xa que elaboramos a información na Galipedia do gaitero moañés Iván Costa despois de que nos visitara na escola.

<http://bibliotecadocole.blogspot.com/2009/05/os-de-sexto-e-galipedia.html>

Enmárcase coma un traballo de colaboración interciclos, xa que o curso de 5º elabora a entrevista (<http://anosavila.blogspot.com/2009/05/entrevista-ivan-costa.html>)

E os de sexto preparan a entrada na galipedia coa información recollida e contrastada polo protagonista.

No curso 2009-2010 faremos o propio con Xavier Blanco, músico e investigador moañés que conta con varias publicación, entre elas a referida aos “Instrumentos pobres”.

3.4. MINIQUEST E CAZAS DO TESOURO

Este tipo de traballos artéllanse na colaboración entre os equipos de Normalización, Biblioteca e Tics.

No proxecto lector do centro, a educación documental vai adquirindo grados de dificultade a medida que os ciclos avanzan. O obxectivo que se persegue é educar ao alumnado para que sexa competente en aprender a aprender, con autonomía, con coñecemento das fontes de información e coa disciplina suficiente para buscar solucións a propostas adaptadas ás súas idades.

As dúas ferramentas, [miniquest](#) e cazas do tesouro, das que falamos cumpren estes obxectivos e contribúen á mellora da competencia dixital. Desde o noso equipo proporciónanse os materiais da rede que fan posibles estas actividades.

A temática combinará as posibilidades da busca de información na rede, interese para o alumnado e resposta aos obxectivos do currículo.

3.5 COÑECEMOS GALICIA

Baixo este título inclúese o intercambio con outro centro de ensino, neste caso dun concello costeiro. Outros anos a experiencia desenvólémola cun [centro do interior](#) de Galicia producíndose un contraste de formas de vida moi satisfactorio para os participantes.

Propoñémonos facilitar o intercambios de experiencias con outros rapaces e rapazas da súa idade pero que viven en contornos galegófomos, ademais da visita ao propio centro e ao concello.

A nosa intención é axudarlles a vencer os prexuízos cara o uso do galego (non só é cousa de mestres, vellos e institucións...senón tamén de rapaces coma min).

Ao longo do curso programaremos o intercambio de diferentes mensaxes a través da rede (saúdos, felicitacións....) , tanto a nivel escrito coma oral (con gravacións de imaxes e voces e elaboración de presentacións).

A proposta remata coa visita aos respectivos concellos e convivencia entre rapaces.

Coñecen outro pobo, aprecian as diferencias e valoran o seu propio, atopando nenos e nenas que falan galego.

As escolas coas que establecemos relación foron:

- ❖ C.E.P. Brea –Segade (Taragoña), en Rianxo (primaria)
- ❖ Escola Unitaria de Vide (As Neves) (Infantil)

Como traballo previo está a preparación da visita reunindo información sobre o propio concello para mostrarlle aos visitantes, contactando coa concellería de Cultura e alcaldía, e a elaboración dun Power point sobre Moaña.

3.6 POESÍA EXPERIMENTAL NA REDE

Recibimos a proposta do Ceip de Aguiño en Ribeira, para participar nun proxecto de poesía experimental, xunto con outros centros de Galicia. Xa no curso pasado intercambiamos as producións cunha decena de centros. Os poemas visuais eran enviados a unha rolda de correo electrónico e despois en cada centro publicábanse nas páxinas web. Os alumnos mótvanse fortemente cando observan o seu traballo nas web doutros centros e as conversas e comentarios son ricos e produtivos.

ACTIVIDADES E CONTIDOS

- ❖ Publicación e consulta nas web do colexio.
- ❖ Redacción de artigos , comentarios e correos electrónicos para as web.
- ❖ Busca de información e redacción da entrada sobre Xavier Blanco na Galipedia.
- ❖ Consulta de información nas enciclopedias da rede.
- ❖ Redacción de entrevistas aos persoeiros (Xosé M Millán, alcalde e escritor, Lito Portela, pintor, Xavier Blanco, músico..).
- ❖ Elaboración polo alumnado de Power Point sobre Moaña, Xavier Blanco ou outros temas do currículo....
- ❖ Gravación de voces e imaxes para traballos documentais e expositivos.
- ❖ Resolución de miniquest e cazas do tesouro elaboradas polo equipo de biblioteca.
- ❖ Elaboración de poemas visuais.
- ❖ Visita ao colexio de Brea-Segade (Taragoña).
- ❖ Visita á unitaria de Vide (As Neves).

Contidos:

- Os textos expositivos
- a redacción de cartas e comentarios
- As enciclopedias na rede
- As asociacións culturais do concello
- A poesía Experimental

Actividades de formación para o profesorado

En colaboración coa coordinadora en TICS:

- Desenvolver sesións prácticas sobre Power Point para elaborar presentacións.
- organizar a busca documental sobre o concello de Moaña.
- Seguir desenvolvendo sesións prácticas sobre o envío de correos con arquivos adxuntos:fotos, presentacións...
- Practicar a manipulación de fotos con programas de retoque fotográfico para a edición de montaxes audiovisuais.
- Continuar coa recompilación de poemas en galego para as idades coas que traballamos. Manter con eles o blog: poemasparapeques.blogspot.com para ser utilizado por todas as comunidades escolares que o desexen.
- Recompilación de materiais educativos na rede. Creación dun fondo para incluílos en todos os ordenadores ós que acceden as alumnas e alumnos. Será unha actividade plurianual pois preténdese no futuro clasificalos por áreas e idades.

- Desenvolver sesións prácticas para facer entradas nos cadernos de bitácoras do cole.
- Desenvolver sesións prácticas cos programas POWER DIRECTOR, e Audacity para a edición de audiovisuais educativos.

4.UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

RECURSOS MATERIAIS

- A biblioteca como centro de recursos e da información do centro.

- A sala de informática con 12 ordenadores conectados en rede, encerado dixital e canón e portátil.
- Canón, portátil e pantalla na aula de sexto.
- Wi fi en todas as aulas.
- As cámaras dixitais.
- Os micrófonos.
- O equipo de normalización cos programas informáticos necesarios para gravacións e montaxes.
- Os equipos da sala do profesorado.

RECURSOS HUMANOS

- Os integrantes do equipo de Normalización.
- A totalidade dos titores e titoras.
- Alumnado de todos os niveis.

5.COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓN DO ENTORNO

As institucións coas que colaboraremos:

- Biblioteca Municipal, que dispón dun avultado fondo documental sobre o concello.
- Departamento de Normalización Lingüística do Concello.
- Departamento de Cultura (colabora na organización da xornada de visita dos colexios invitados).
- Escola – Obradoiro de Música tradicional de Moaña (obradoiro instrumentos pobres e tradicionais).
- Asociación de Mariscadoras de Moaña (visita aos areais).
- Asociación Cultural Meiramar (presentación no colexio).
- Club de remo Samertolameu de Meira (presentación no colexio).
- Club de Balonmán de Moaña (presentación no colexio).
- Agrupación Nós (estudos sobre toponimia).

6. PLAN DE AVALIACIÓN

1	A participación do alumnado foi satisfactoria	Si/Non
2	A participación das familias nas propostas é positiva	Si/Non
3	A colaboración coas institucións deu os resultados esperados	Si/Non
4	A distribución de tarefas no equipo foi efectiva	Si/Non
5	A coordinación con Tics e Biblioteca obtivo resultados esperados	Si/Non
6	As propostas chegaron aos titores co dinamismo necesario	Si/Non
7	Os responsables de ciclo recolleron propostas dos titores	Si/Non
8	A produción de materiais foi abundante	Si/Non
9	Superáronse as dificultades técnicas	Si/Non
10	Melloráronse as competencias en linguaxe oral	Si/Non
11	Detectáronse cambios de actitude con respecto á lingua	Si/Non
12	O proxecto dinamizou a vida da escola	Si/Non

Dificultades atopadas	Propostas de mellora

7.MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO E FAMILIAS E FOMENTAR A PARTICIPACIÓN

ENTRE AS FAMILIAS

- Presentalo no Consello escolar de Outubro.
- Envío de informacións sobre as páxinas web do centro ,incluíndo nun resumo como engadir comentarios.
- Anunciar con carteis as visitas programadas e actividades ,e tamén nas páxinas web.
- Invitación a participar nas charlas sobre o orixe da toponimia.
- Invitación a aportar informacións sobre os temas traballados.
- Distribución das publicacións elaboradas.

ENTRE O ALUMNADO

A participación do alumnado, nos centros das nosas características é xeneralizada, xa que as propostas soen integrarse nas dinámicas de aula,dentro do horario lectivo e formando parte das programacións didácticas. Aínda así,pequenos agasallos cando participan de xeito máis activo nalgunha campaña ou actividade soen aumentar a motivación (axendas, cadernos de notas, bolígrafos, pousa ratos etc..).

- Presentación do equipo de Normalización e explicación das súas funcións por parte dos titores e titoras.
- Presentación das propostas recordando as actividades de anos anteriores.
- Forte motivación e reflexión sobre os beneficios aportados polas actividades.

ENTRE O PROFESORADO

A difusión do proxecto será obxecto das reunións do equipo, con apoio de material explícito,esquemas e plans de actuacións.

Moaña,9 de outubro do 2009

A coordinadora Belén Escariz Ferrín

Vº e prace do director Luis Lemos Molanes